

CURSOS DE CONDUCCIÓN EFICIENTE DE VEHÍCULOS

Obxectivos.

O obxectivo destes cursos, é realizar un uso máis racional do vehículo e ofrecer un novo estilo de conducción para promover un cambio de actitude nos usuarios.

A conducción eficiente consiste en aplicar unha serie de técnicas para reducir o consumo de combustible e a contaminación medioambiental e ademais, conseguir aumentar a seguridade vial e o confort a bordo.

Estructura.

O curso realízase nunha única sesión cunha duración aproximada de 2 horas, sendo a estrutura do curso:

- Quenda de conducción normal por cada alumno/a
- Sesión teórica
- Quenda de conducción por parte de cada alumno/a, aplicando as técnicas de conducción eficiente
- Exposición de resultados das quendas

Para a realización das prácticas porase a disposición dos alumnos/as un vehículo con medidor de consumo. O número de alumnos por vehículo será como máximo de catro. As roldas de conducción serán realizadas por cada un dos catro alumnos do grupo. O alumnado terá a posibilidade de comparar a influencia das técnicas de conducción no consumo de combustible mediante unha proba práctica antes e despois da sesión teórica.

A os asistentes entregaráselle un *Manual de conducción eficiente* así como un diploma acreditativo da participación no curso.

Requisitos.

Dispoñer de carné de conducir tipo B e ser condutor habitual. O día do curso os alumnos terán que levar orixinal e fotocopia do carné de conducir.

Custe.

Curso gratuito, financiado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) con fondos do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (Idae).

Datas e horarios.

23 marzo: 16-18,18-20 **24 e 25 marzo:** 9:30-11:30, 11:30-13:30, 16-18, 18-20

26 marzo: 9:30-11:30, 11:30-13:30

Inscripción e información.

Antes do 23 marzo no teléfono 986 443 476 (de 9 a 14h), do 23 ao 26 de marzo no propio stand de Faimevi.

Prazas limitadas.